



CAMPIONS PROVINCIAIS

Máis dunha década despois o Burela volveu alzarse co título na categoría infantil. Os de **Javi Ruiz** lograron a falta dunha xornada para o remate da competición. O ascenso á Liga Galega será o novo reto e a máxima categoría está a tan só 160 minutos

LIGA GALEGA XUVENIL

Remontada exprés na Cheda

A Residencia practicamente asegurou a permanencia na Liga Galega xuvenil tras asinar os tres puntos nun espectacular sprint final ante o Compostela, que gañaba por 0-1 no minuto noventa pero que caeu 2-1 no tempo engadido



ADC SAGRADO CORAZÓN

Primeiro Torneo Autonómico de Semana Santa

36 equipos de tres categorías disputaron 69 partidos no Rodríguez Lago das Gándaras, onde o club capitalino citou a máis de 500 participantes en idades prebenxamín, benxamín e alevín

LIGA GALEGA CADETE

A Milagrosa xogarase a permanencia nos derbis provinciais

Tras impoñerse ao Lalín en Friga, os de Madriles mídense pasadomañá co Lugo B en Cospeito e o próximo sábado reciben ao Viveiro no Luis López Gorgoso

PROVINCIAL CADETE

O Polvorín acepta os agasallos dos seus rivais

Novo xiro de 180 grados no alto da clasificación. O dous primeiros perderon os seus respectivos encontros. Ribadeo, que dependía de si mesmo, descarrilou na penúltima curva ante o Foz, e a Residencia naufragou na Marosa deixando pista libre para o liderado dos de Montirón



XUVENIL D. DE HONRA	
RESULTADOS	
Bansander - R. Santander	0-1
Depoivra - Pontevedra	4-3
TSK Rocas - At. Perines	5-0
Covadonga - Ural	3-4
Sp. Gijón - Colindres	10-0
CD Lugo - Val Miñor	2-1
Alondras - R. Ferrol	0-3
Celta - R. Oviedo	3-0

XUVENIL LIGA NACIONAL	
RESULTADOS	
CD Lugo B - Porriño	4-1
Val Miñor B - Orillamar	6-1
Celta B - Pabellón	0-0
Arosa SC - Conxo	0-1
Choco - Sta. Mariña	0-1
Victoria - RC Villalbés	2-0
Deportivo B - CD Areosa	3-1
Calasanz - CD Lérez	5-2
R. Bouzas - Valladares	3-0

XUVENIL GALEGA NORTE	
RESULTADOS	
Residencia - Compostela	2-1
As Pontes - Ural B	0-2
G. Caranza - At. Arteixo	6-0
Montañeros - Victoria B	3-1
EF Lalin - Estrada	3-0
Conxo B - Bergantiños	1-7
O Val - Viveiro CF	3-3
Betanzos - Dumbria	3-2
R. Riveira - Boiro	2-6

XUVENIL GALEGA SUR	
RESULTADOS	
Calasancio - Coruxo	1-3
Barco - Ribadumia	1-2
Alondras B - Comesaña	2-2
Ourense CF - A Seca	3-3
Vila Corpus - Choco B	2-1
Portonovo - UD Ourense	2-3
Pabellón - Barbadas	0-1
AJ Lerez - Verin	5-5
Monteporreiro - Tomiño	3-3

CADETE DIVISIÓN HONRA	
RESULTADOS	
CD Lugo - Coruxo	4-3
Ourense CF - Ural	1-1
RC Celta - Pabellón	9-0
Montañeros - Conxo	1-2
R. Ferrol - Sta. Mariña	2-1
Victoria - Bergantiños	0-1
Deportivo - CD Areosa	4-0
Calasanz - Pontevedra	---
San Tirso - Val Miñor	3-2

CADETE GALEGA NORTE	
RESULTADOS	
Dumbria - Bertamirans	0-9
San Tirso B - Ural B	3-2
G. Caranza - Deportivo B	1-2
RC Villalbés - Victoria B	1-2
Orillamar - Estrada	3-0
X. Orroso - Bergantiños	3-2
R. Ferrol B - Viveiro CF	1-1
Calasanz B - CD Lugo B	1-2
Milagrosa - EF Lalin	3-1

CLASIFICACIÓN	
Equipo	PTS X G E P GF GC
RC CELTA	80 30 26 2 78 24
SPORTING GIJÓN	72 30 22 6 2 92 22
R.SANTANDER	65 30 20 5 5 75 29
URAL CF	54 30 17 3 10 57 50
RC DEPORTIVO	53 30 16 5 9 63 34
CD LUGO	50 30 15 5 10 52 37
REAL OVIEDO	49 30 14 7 9 45 26
BANSANDER	37 30 11 4 15 45 58
ATL PERINES	36 30 10 6 14 46 61
RACING FERROL	35 30 9 8 13 40 55
ED VAL MIÑOR	33 30 9 6 15 36 46
TSK ROCAS	33 30 10 3 17 46 66
PONTEVEDRA CF	29 30 9 2 19 35 62
CD COVADONGA	23 30 5 8 17 30 62
CD COLINDRES	18 30 4 6 20 23 75
ALONDRA CF	13 30 3 4 23 20 76

CLASIFICACIÓN	
Equipo	PTS X G E P GF GC
R.C. CELTA "B"	73 30 23 4 3 91 27
C.D. CALASANZ	67 30 20 7 3 57 27
DEPORTIVO "B"	58 30 18 4 8 70 29
C.D. CONKO	56 30 17 5 8 70 51
VICTORIA C.F.	56 30 17 5 8 70 48
PABELLÓN C.F.	48 30 14 6 10 51 36
C.D. AREOSA	47 30 15 2 13 48 45
PORRIÑO C.F.	47 30 14 5 11 61 57
C.D. CHOCO	45 30 14 3 13 52 41
RC VILLALBES	45 30 13 6 11 43 44
RAPIDO BOUZAS	37 30 9 10 11 36 40
C.D. LUGO "B"	37 30 11 4 15 54 60
VAL MIÑOR "B"	33 30 8 9 13 41 56
SANTA MARINA	30 30 8 6 16 29 47
VALLADARES	29 30 8 5 17 44 76
AROSA S.C.	24 30 6 6 18 28 48
ORILLAMAR S.D.	20 30 6 2 22 31 89
C.D. LEREZ	11 30 2 5 23 36 91

CLASIFICACIÓN	
Equipo	PTS X G E P GF GC
E.F. LALIN	72 30 22 6 2 90 34
S.D. O VAL	64 30 20 4 6 73 36
BERGANTIÑOS C.F.	62 30 18 8 4 69 28
MONTAÑEROS C.F.	59 30 17 8 5 58 27
S.D. COMPOSTELA	56 30 17 5 8 53 39
VIVEIRO C.F. "A"	52 30 14 10 6 61 48
C.F. DUMBRIA	48 30 14 6 10 48 43
URAL C.F. "B"	46 30 13 7 10 54 39
C.D. BOIRO	46 30 14 4 12 54 48
ESTRADA FB	42 30 13 3 14 42 53
VICTORIA C.F. "B"	39 30 11 6 13 49 53
G. CARANZA	37 30 10 7 13 60 59
C.D. CONXO "B"	35 30 11 2 17 56 55
RESIDENCIA	34 30 9 7 14 52 63
C.D. AS PONTES	27 30 7 6 17 36 51
AT. DE RIVEIRA	20 30 6 2 22 49 110
BETANZOS C.F.	11 30 3 2 25 25 86
AT. ARTEIXO	11 30 2 5 23 31 88

CLASIFICACIÓN	
Equipo	PTS X G E P GF GC
UD. OURENSE	71 30 22 5 3 80 31
OURENSE C.F.	70 30 22 4 4 97 39
A.J. LEREZ	52 30 16 4 10 77 46
PABELLÓN "B"	50 30 14 8 8 70 41
MONTPEPORAIRE	49 30 15 4 11 63 46
U.D. BARBADAS	47 30 14 5 11 38 44
CORUXO F.C.	45 30 12 9 9 53 47
PORTONOVO S.D.	43 30 13 4 13 51 52
ALONDRA S.C.F. "B"	42 30 12 6 12 55 55
C.D. RIBADUMIA	41 30 11 8 11 52 57
E.D. VAL MIÑOR	40 30 11 7 12 49 49
RACING FERROL	35 30 10 5 15 38 64
BERGANTIÑOS C.F.	34 30 10 12 8 38 64
VICTORIA C.F.	30 30 9 3 18 45 62
OURENSE C.F.	28 30 7 7 16 36 68
C.D. AREOSA	21 30 5 6 19 33 76
SANTA MARINA	20 30 5 5 20 33 70
MONTAÑEROS C.F.	17 30 4 5 21 24 72

CLASIFICACIÓN	
Equipo	PTS X G E P GF GC
R.C. CELTA S.A.D.	84 30 28 0 2 131 17
R.C. DEPORTIVO	77 30 25 2 3 98 22
URAL C.F.	61 30 19 4 7 48 29
C.D. LUGO	57 30 18 3 9 68 46
C.D. CALASANZ	47 29 14 5 10 39 38
PABELLÓN C.F.	46 30 14 4 12 46 47
C.D. CONXO	43 30 12 7 11 42 40
CORUXO F.C.	42 30 12 6 12 42 40
SAN TIRSO S.D.	41 30 12 5 13 54 50
PONTEVEDRA C.F.	41 29 13 2 14 49 47
E.D. VAL MIÑOR	40 30 11 7 12 49 49
RACING FERROL	35 30 10 5 15 38 64
BERGANTIÑOS C.F.	34 30 10 12 8 38 64
VICTORIA C.F.	30 30 9 3 18 45 62
OURENSE C.F.	28 30 7 7 16 36 68
C.D. AREOSA	21 30 5 6 19 33 76
SANTA MARINA	20 30 5 5 20 33 70
MONTAÑEROS C.F.	17 30 4 5 21 24 72

CLASIFICACIÓN	
Equipo	PTS X G E P GF GC
BERTAMIRANS C.F.	81 30 26 3 1 84 20
X. OROSO	73 30 23 4 3 100 37
R.C. DEPORTIVO "B"	62 30 19 5 6 72 32
RACING VILLALBES	54 30 16 6 8 54 34
GALICIA CARANZA	51 30 16 3 11 68 41
C.D. CALASANZ "B"	48 30 14 6 10 46 36
C.F. DUMBRIA	43 30 13 4 13 42 61
BERGANTIÑOS "B"	42 30 12 6 12 40 39
VIVEIRO C.F. "A"	39 30 10 9 11 40 44
SAN TIRSO S.D. "B"	38 30 10 8 12 43 47
ESTRADA FB	37 30 10 7 13 34 56
URAL C.F. "B"	35 30 10 5 15 39 48
R. FERROL "B"	34 30 8 10 12 32 49
C.D. LUGO "B"	34 30 10 4 16 42 56
S.C.D. MILAGROSA	26 30 7 5 18 32 66
VICTORIA C.F. "B"	25 30 7 4 19 33 52
EF LALIN	22 30 5 7 18 30 65
ORILLAMAR S.D.	17 30 5 2 23 24 72

COMPETICIÓN FINALIZADA

PRÓXIMA XORNADA

PRÓXIMA XORNADA

PRÓXIMA XORNADA

PRÓXIMA XORNADA

PRÓXIMA XORNADA

Valladares - CD Lugo B	Pabellón - Arosa
Porriño - Val Miñor B	RC Villalbés - Deportivo B
Orillamar - RC Celta B	CD Areosa - Calasanz
Conxo - Choco	CD Lerez - R. Bouzas
Sta. Mariña - Victoria	

Boiro - Residencia	Estrada - Conxo B
Compostela - As Pontes	Bergantiños - O Val
Ural B - G. Caranza	Viveiro CF - Betanzos
At. Arteixo - Montañeros	Dumbria - At. Riveira
Victoria B - EF Lalin	

Tomiño - Calasancio	Choco B - Portonovo
Coruxo - Barco	UD Ourense - Pabellón B
Ribadumia - Alondras B	Barbadas - AJ Lerez
Comesaña - Ourense CF	Verin - Monteporreiro
A Seca - Vila Corpus	

Val Miñor - CD Lugo	Sta. Mariña - Victoria
Coruxo - Ourense CF	Bergantiños - Deportivo
Ural - RC Celta	CD Areosa - Calasanz
Pabellón - Montañeros	Pontevedra - San Tirso
Conxo - R. Ferrol	

EF Lalin - Dumbria	Estrada - X. Orroso
Bertamirans - San Tirso	Bergantiños B - R. Ferrol
Ural B - G. Caranza	Viveiro CF - Calasanz B
Deportivo B - RC Villalbés	CD Lugo B - Milagrosa
Victoria B - Orillamar	

REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL
Comité Técnico de Árbitros A Mariña - Lugo

NON QUEDES FÓRA DE XOGO, FAITE ÁRBITR@

- Curso de iniciación
- Formación teórica e práctica
- Equipación deportiva completa
- Acreditación para entrar en todos os campos de fútbol
- Retribución económica
- Seguro de accidentes e lesión deportiva

CURSO INTENSIVO DE ÁRBITRO A MARIÑA LUCENSE

Rúa do Río, 10 - Entreplanta
27880 Burela
☎ 981 900 600
amarina.arbitros@futgal.es

Sede Central
Est. Mult. de San Lázaro, porta 4
15707 Santiago de Compostela
comite.arbitros@futgal.es

A Coruña
Travesía de San José, 7 - Baixo
CP 15002
coruna.arbitros@futgal.es

Santiago de Compostela
Est. Mult. de San Lázaro, porta 4
CP 15707
santiago.arbitros@futgal.es

Ourense
Pura e Dora Vázquez, 6-B semisoto
CP 32002
ourense.arbitros@futgal.es

Pontevedra
Praza de Pasarón, 1 - Baixo
CP 36005
pontevedra.arbitros@futgal.es

Ferrol
Avenida de Esteiro, 62-64
CP 15403
ferrol.arbitros@futgal.es

Vigo
Manuel de Castro, 40 - Entreplanta
CP 36210
vigo.arbitros@futgal.es

Lugo
Avenida de Breogán, 37 - Entreplanta
CP 27004
lugo.arbitros@futgal.es

A Costa da Morte
Centro Sociocultural de Baio
Rúa do Pavillón, s/n. CP 15150 Baio (Zas)
costadamorte.arbitros@futgal.es

Boiro - Santiago
Centro Social de Boiro
Rúa Principal, s/n. CP 15930
boiro.arbitros@futgal.es

Lalín - Santiago
Complexo Deportivo Lalín Arena
Avenida Xosé Cuiña, 40. CP 36500
lalin.arbitros@futgal.es

Monforte - Lugo
Pavillón Polideportivo A Pinguela
Rúa Sober, s/n. CP 27400
monforte.arbitros@futgal.es

INFANTIL GALEGA TÍTULO	
RESULTADOS	
Montañeros - CD Lugo	1-3
Pabellón - Val Miñor	4-3
Sta. Mariña - Deportivo	0-5
Choco - R. Ferrol	7-1
Victoria - Bertamirans	5-3
X. Orroso - Ourense CF	3-3
RC Celta - Portero 2000	7-0
Arosa SC - Ural CF	1-0

CLASIFICACIÓN	
Equipo	PTS X G E P GF GC
R.C. DEPORTIVO	42 14 0 0 75 10
R.C. CELTA S.A.D.	17 14 12 1 1 75 19
BERTAMIRANS F.C.	30 14 9 3 2 41 25
PABELLÓN C.F.	29 14 9 2 3 37 27
C.D. LUGO	23 14 6 5 3 28 33
OURENSE C.F.	20 14 5 5 4 33 29
C.D. CHOCO	19 14 5 4 5 28 22
X. OROSO	17 14 4 5 5 28 32
VAL MIÑOR	17 14 5 2 7 32 37
URAL C.F.	15 14 4 3 7 27 34
VICTORIA C.F.	15 14 5 0 9 38 53
SANTA MARINA	13 14 3 4 7 17 32
MONTAÑEROS C.F.	10 14 3 1 10 17 37
AROSA S.C.	10 14 3 1 10 19 47
PORTERO 2000	10 14 2 4 8 21 52
RACING FERROL	7 14 1 4 9 31 58

INF. GAL. DESCENSO NORTE	
RESULTADOS	
Conxo - G. Caranza	2-0
Calasanz - Residencia	1-0
San Tirso - EF Lalin	2-7
Milagrosa - Bergantiños	0-5
At. Riveira - Imperator	0-0

CLASIFICACIÓN	
Equipo	PTS X G E P GF GC
C.D. CONXO	41 14 9 3 2 41 15
E.F. LALIN	41 14 10 1 3 36 16
GALICIA CARANZA	38 14 9 2 3 31 14
SAN TIRSO S.D.	37 14 7 3 4 33 26
BERGANTIÑOS C.F.	33 14 7 3 4 37 20
C.D. CALASANZ	28 14 5 3 6 29 26
IMPERATOR O.A.R.	27 14 6 3 5 39 20
AT. DE RIVEIRA	23 14 5 1 8 29 34
RESIDENCIA	8 14 1 1 12 8 57
MILAGROSA	3 14 1 0 13 9 64

PRÓXIMA XORNADA	
Imperator - Conxo	EF Lalin - Milagrosa
G. Caranza - Calasanz	Bergantiños - At. Riveira
Residencia - San Tirso	

www.liderlugo.es

Todas as fotos da xornada na WEB

INF. GAL. DESCENSO SUR	
RESULTADOS	
CD Areosa - Porriño	1-2
ED Arousa - Salgueiriños	2-2
Calasancio - Pabellón	1-1
ED Ourense - Alondras	3-2
Coruxo - R. Bouzas	2-1

CLASIFICACIÓN	
Equipo	PTS X G E P GF GC
E.D. OURENSE	47 14 11 0 3 27 18
PORRIÑO C.F.	37 14 9 2 3 28 14
E.D. AROUSA S.D.	37 14 9 1 4 30 18
SALGUEIRIÑOS	35 14 7 3 4 17 15
ALONDRA S.C.F.	34 14 6 3 5 25 21
C.D. AREOSA	34 14 7 2 5 35 19
C.P. CALASANZ	21 14 4 4 6 19 22
CORUXO F.C.	17 14 4 2 8 18 32
RAPIDO BOUZAS	12 14 1 3 10 16 26
PABELLÓN PROM.	8 14 0 4 10 10 40

XI Gala Premios Líder Fútbol Base Lucense

A **ELECCIÓN DOS MELLORES EQUIPOS DA TEMPADA** será distinta dependendo do formato de competición e da categoría, como se resume a continuación. Así mesmo, os mellores conxuntos terán tamén ao seu mellor adestrador, colexiado e xogador, do que sairá o Balón de Ouro 2019



PUBLICACIÓN DOS MELLORES EQUIPOS PROVINCIAIS

- Luns **6 de maio**, Provincial xuvenil
- Luns **13 de maio**, Provincial cadete
- Luns **20 de maio**, Provincial infantil
- Luns **27 de maio**, Provincial alevín, benxamin e prebenxamin
- Luns **3 de xuño**, Categorias superiores infantil, cadete e xuvenil

EQUIPOS CATEGORÍAS SUPERIORES

Os equipos ideais estarán formados por xogadores dos seguintes equipos:

- **Mellor equipo Infantil Galega** (Calasancio, Lugo, Milagrosa e Residencia)
- **Mellor equipo Cadete categoría sup.** (Lugo A, Villalbés, Viveiro, Lugo B e Milagrosa)
- **Mellor equipo Xuvenil Liga Galega** (Calasancio, Residencia e Viveiro)
- **Mellor equipo xuvenil Nacional e División de Honra** (Lugo A, Villalbés e Lugo B)

MELLOR XOGADOR POR CATEGORÍA

Independentemente dos votos que reciban, o mellor xogador de cada categoría coñecerase na Gala dos Premios Líder ao fútbol base lucense 2019, sen ser por norma o gañador o que máis votos teña, xa que hai liñas do campo que reciben máis número de votos que outras

BALÓN DE OURO

Coñecerase na propia Gala. Todos os xogadores premiados terán opción de ser o mellor xogador da presente tempada do fútbol base lucense. De cada equipo ideal sairá un mellor xogador que pasará á gran final na que se revelará o Balón de Ouro 2019



ÁRBITROS

Os mellores árbitros de cada categoría, así como a elección dos xogadores e adestradores, será por votación. Os colexiados repártense en cada categoría por consenso entre a redacción do Líder e o colexio de árbitros de Lugo, tendo en conta na medida do posible que cada un vaia na categoría onde máis encontros dirixiu esta tempada



TROFEO JORGE TATO

A Bota de Ouro do fútbol base lucense, o trofeo Jorge Tato, será para o xogador que asine máis goles ao longo da tempada nunha categoría superior, División de Honra xuvenil: Liga Nacional e Galega xuvenil, Honra e Galega cadete e infantil Liga Galega



CAMPIÓN PROVINCIAIS

Todos os campións provinciais terán o seu recoñecemento na Gala dos Premios Líder. Os planteis ao completo recibirán un recordo conmemorativo tras alzarse como reis da Provincia na tempada 2018-2019



Ramos guiou a unha gran versión lucense

HAT TRICK DO MEDIOCENTRO e permanencia asinada do Lugo B na Liga Nacional xuvenil unha tempada máis



Alex Ramos tralo golpeo de balón que supuxo o un a tres

O Lugo B chegou aos 37 puntos tras impoñerse ao Porriño na Reigosa. Unha cifra que semella xa suficiente para asegurarse unha praza na Liga Nacional a próxima tempada.

Os de Mourelos ademais conseguiron deixando moi boas sensacións desde os primeiros minutos nos que, cunha defensa adiantada, tiveron as ideas claras con e sen balón.

Yago estreloou un balón

no poste ao comezo do encontro e a Christian anuláronlle dous goles por fóra de xogo antes de que o Porriño dispuxese da súa mellor ocasión na primeira parte cun disparo afastado ante o que se luciu Brais cunha boa intervención.

O cero a cero mantívose ata que Martín e Guitián fabricaron unha xogada por banda esquerda que rematou Alex Ramos no

segundo pau para facer o un a cero co que se chegou ao descanso.



“Grupo que xa disfruta no traballo sen balón. Bos peloteros. Que ben o pasamos!!!” MOURELOS Lugo B

A calor fixo que o ritmo fose máis lento ao comezo da segunda parte, na que o Porriño asinou o empate a un ao transformar un penalti. Sen poñerse nerviosos os lucenses, Dani Vidal fixo o dous a un e Alex

Ramos sentenciou o encontro con dous goles nos últimos dez minutos levando o marcador ata o catro a un final.

O Lugo B xogará pasadomañá ante o Valladolid e a fin de semana ante o Val Miñor, ambos encontros a domicilio, antes de recibir ao Ceta B.



David Guitián conducindo o balón ante Porto



Vilarino celebrando o dous a un tras dar o pase a Vidal



Dani Vidal co balón en medio campo ante un rival

Na Grela viuse un gran Villalbés

PESE Á DERROTA ANTE UN DOS ASPIRANTES AO ASCENSO, os de Cholas foron superiores en todo ante o Victoria, menos no inxusto resultado final ao remate do encontro



Herrero co balón controlado nun encontro no Roca



O Rácing Villalbés saíu da Grela coa cabeza moi alta tras mostrarse superior a un Victoria que se mantén na loita polo ascenso e que se quedou cos tres puntos en xogo con moita fortuna.

Os de Cholas foron o equipo que mellor competiu e máis cómodo estivo sobre o terreo de xogo. Desde os primeiros minutos os chaires sentaron as bases en defensa sen conceder ocasións, e aos poucos foron

“Minimizamos por completo a un equipo que pelea por el ascenso mostrando un nivel muy alto y mereciendo la victoria. Gran trabajo de todos” CHOLAS Rácing Club Villalbés

crecendo en ataque ata manter un goteo constante de ocasións sen finalizar.

Moreda tivo un man a man, a Rares fóiselle longo o control tras unha diagonal de Noel e a David sacáronlle un remate baixo paus nas ocasións máis claras da primeira parte.

O Victoria empezouse a poñer nervioso e co paso dos minutos viuse superado por un Rácing que

buscou e mereceu o gol na segunda parte, na que Herrero estreloou un balón no poste, tivo outra clara e a David lle anuláron un gol por fóra de xogo.

O cero a un parecía cuestión de tempo, pero nunha acción illada o Victoria adiantouse e sentenciou o encontro con dous goles en apenas dous minutos, sen deslucir o bo partido do Villalbés na Grela.


OS MELLORES **RC VILLALBÉS** RARES 2 2 2 HERRERO 2 2 ANXO 2



Pedro, artífice da xogada que desencadenou no 2-1



García anticipándose a un rival ante Pablo de la Iglesia



Iván e Adri presionando a un xogador compostelán

Remontada e permanencia

A RESIDENCIA, CON DOUS GOLES NO TEMPO DE DESCONTO, sumou ante o Compostela tres puntos que deixan aos de Dani Galán virtualmente na Liga Galega

RESIDENCIA 2 **COMPOSTELA** 1

Goles: Conde y Javi | Gol: Yago

Arbitro: Pedro Castro, Javier Reigosa e Jorge Conde. Campo: Municipal A Cheda

“El equipo debe tener ambición hasta el último segundo de la competición” DANI GALÁN RESIDENCIA

A Residencia deu un paso de xigante cara a unha permanencia que practicamente está asegurada con estes tres puntos. Unha vitoria máis efectiva que vistosa nun partido no que o máis importante eran os puntos en xogo.

Os dous equipos cunha formulación e debuxo táctico similar ofreceron unha primeira parte sen apenas ocasións claras de gol na que a Residencia levou o peso do partido pero sen profundidade nos metros finais. O maior perigo dos composteláns

OS MELLORES

RESIDENCIA

PABLO 2

IVÁN 2

ÁNGEL 2

chegaba a balón parado cun remate ao pau tras un saque de esquina pero ao descanso chegoouse co cero a cero inicial.

O Compostela adiantouse ao comezo da segunda parte cun man a man e Dani Galán reaccionou facendo cambios e aproveitando o potencial que tiña na recámara. A Residencia pasou a un 4-3-3 e empezou a domi-

nar con claridade á vez que chegaban as ocasións. Con todo, os minutos pasaban e o cero a un mantíñase no marcador, incluso no minuto noventa. No segundo de desconto, Conde, cun disparo, seco empatou o encontro e, no cuarto minuto de engadido, Pedro sacouse da chistera unha acción individual que finalizou cun pase da morte que enviou Javi ao fondo das mallas desatando o delirio na Cheda.

O mércores, a final das finais en Tomiño

CALASANCIO 1 **CORUXO** 3

Goles: Lamús polo Calasancio; Sergio, Kevin e Martín polo Coruxo

Arbitros: Cristian Penas, Daniel Ramirez e Luis Perez

“Logramos tener ocasiones claras pero la efectividad fue del rival. El miércoles tenemos una final”

CARLOS FONTAL Calasancio

OS MELLORES

CALASANCIO

SERGI 2

LAMÚS 2

BUTI 2

cita tras perder no Álex Blanco por un gol a tres. Un resultado duro pero cunha lectura máis positiva se se analiza máis aló do marcador final, xa que os de Carlos Fontal xeraron claras ocasións de gol ante un Coruxo extremadamente efectivo nos metros finais.

Os visitantes tiveron toda a pegada que lle faltou ao Calasancio, que creou perigo desde o pitido inicial con chegadas e centros de Sergi por banda esquerda, pero ao descanso chegoouse con cero a un tras un lanzamento de falta.

Empatou pronto o Calasancio na segunda parte por medio de Lamús, tras un córner, e Andrés estreleou un balón no poste que puido supoñer o dous a un. Na recta final, nos últimos dez minutos, o Coruxo, con dous goles, levouse todo o botín exhibindo unha inusual contundencia nos metros finais.

Todo o feito ata a data e todo o que pode vir por diante para o Calasancio na Liga Galega xuvenil pasa pola próxima xornada na que se medirán co Tomiño nun partido con

tintes de final. Se os monfortinos conseguen os tres puntos seguirán na loita por evitar un dos últimos seis postos. Se non gañan, o descenso practicamente estará consumado. O Calasancio chega á

Recompensa sobre a bucina para o Viveiro

O VAL 3 **VIVEIRO CF** 3

Goles: David Ben, Jairo e outro en propia porta polo Viveiro; Alejandro y Manuel (2) polo O Val

“La manera que tiene este equipo de competir y no rendirse nunca es increíble”

ANTONIO S. Viveiro CF

4

PARTIDOS lle quedan ao Viveiro esta tempada. O próximo pasado mañá ante o Betanzos no que será o penúltimo da tempada no Marcos Gómez

OS MELLORES

VIVEIRO CF

JAIRO 2

RUBÉN 2

DAVID 2

os locais déronlle a volta ao marcador co dous a un tras un penalti, marcador co que se chegou ao descanso pese a que o Viveiro tivo claras ocasións por medio de Xael Eijo e David para poder empatar.

No descanso, Antonio Serrano propuxo unha defensa de catro adiantando a posición de Xael Eijo e o Viveiro foi superior.

Maclý e Jairo acariñaron un empate que chegou cun autogol pola insistencia dos mariñaos e, cando parecía que chegaría a remontada, o O Val tirou de calidade para facer o tres a dous. Pero nin con ese contratepo o Viveiro se veu abaixo, loitou, mereceu e atopou o empate no último minuto por medio de Jairo tras dispoñer de claras ocasións na recta final.

Duelo de alturas na Liga Galega xuvenil nun partido no que o Viveiro visitou a un O Val en postos de ascenso á Liga Nacional e que sumaba cinco vitorias seguidas.

Os de Antonio Serrano volveron ser moi competitivos pese a non xogarse

nada a nivel clasificatorio e cunha brillante posta en escena tomaron o mando no marcador cun golazo de media chilena de David Ben.


O O Val reaccionou rápido e ben, exhibindo potencial, e aos dez minutos, chegou o empate a un e, á media hora,

Un Lugo con smoking e funda

RECITAL DE XOGO AO INICIO e sacrificio no treito final para manter a vantaxe no marcador



Pérez protexendo o balón ante dous defensas do Coruxo



Arbitro: Jorge Méndez, Rubén Folgueira e Sadoum Bahia Campo: A Fonte, Cospito, Lugo



Brian coa pelota dentro da área nunha acción de ataque



Borja presionado por dous rivais ante a mirada de Manu

“O equipo soubo competir ben en todo momento ante un rival que apretou moito nos minutos finais do encontro” MARTÍN MURADO Club Deportivo Lugo

que se viu plasmado no marcador.

Aos cinco minutos Rosón fixo o un a cero tras un pase interior de Manu, aos nove de xogo Brian asinou o dous a cero, tamén tras un pase de Manu que culminou picádolle o balón ao porteiro rival.

Pérez, cun remate ao longueiro tivo o tres a cero, xusto antes de que o Coruxo recortase distancias tras unha acción a balón parado, pero foi tan

só un espellismo, xa que antes do descanso Pérez fabricou o tres a un que subiu ao marcador Brian.

Nada máis empezar o segundo tempo Manu asinou o seu hat trick de asistencias, neste caso cun centro que rematou Pérez para facer o catro a un.

A partir de aí o Coruxo, lonxe de renderse, deu un paso á fronte cos cambios e recortou distancias co catro a dous con media hora por diante.

O Lugo cambiou o smo-



Asier sacando o balón controlado ante Fonseca

O Lugo volveu á senda da vitoria na División de Honra cadete nun partido no que os de Martín Murado luciron smoking e funda para sumar os tres puntos e tralo empate do

Ural, manter viva chama da esperanza do terceiro posto.

A posta en escena foi de gala, das mellores da tempada, cun recital de fútbol por parte do Lugo

king polo mono de traballo, e pese a que encaixou o catro a tres cun lanzamento de penalti a falta de seis minutos, os de Martín Murado souberon sufrir como equipo na recta final

para manter a vantaxe no marcador e volver deste xeito á senda da vitoria.

Sen tempo para asimilar este resultado, os lucenses xogan pasadomañá en Nigrán ante o Val Miñor.

Derrota con polémica na Magdalena



Cabado a piques de sacar o balón xogado pola banda

O RÁcing VILLALBÉS FIXO TODO POR GAÑAR, pero caeu cun máis que discutible penalti tras dominar con claridade



Arbitro: Yecis Omel Amancio, Álvaro López e Susana Guemonde Campo: A Magdalena

Poucas veces se pode facer máis para gañar e non conseguilo. O Rácing Villalbés foi superior, tivo ocasións e mereceu os tres puntos ante un Victoria B que se aferra á permanencia tras impoñerse con

fortuna e polémica na Magdalena, onde se disputou o encontro ao non estar dispoñible o Rocca.

O Villalbés, con toda a súa artillería, foi a polo partido, pero este estivo condicionado polas reducidas

“Imposible facer máis e recibir menos. Moi orgulloso do partido a pesar de non xogarnos nada. Recital de competitividade de todos” SIMÓN LAMAS RC Villalbés

dimensións do terreo de e o premio do gol chegou xogo.

Cadra foi o xefe dos balóns aéreos e Iago Gesto e Gabriel unha ameaza continua en ataque. Con todo, os primeiros en pegar foron os herculinos ao inaugurar o marcador na primeira parte tras un saque de esquina.

O Villalbés meteu na súa área ao Victoria, con centros, faltas laterais e córners nos que o balón resistiuse a entrar. Tralo descanso continuou o dominio chairgo

OS MELLORES

RC VILLALBÉS

IAGO G. 2 2 2

DANI 2 2 2

CABADO 2

tras un saque de banda longo de Cabado que peiteou Cadra e rematou ao fondo das mallas Gabriel.

A remontada estaba cantada ata para o Victoria B, incapaz de sacudirse o dominio local, pero unha acción illada, sen perigo, terminou co liña sinalando un penalti que nin os herculinos se esperaban e co que selaron o un a dous na recta final do encontro.



Iago Gesto anticipándose a un rival ante Cadra

Aquí non se rende nin...

A MILAGROSA GAÑA AO LALÍN e os de Madriles encaran a recta final de tempada dependendo de si mesmos para acadar a permanencia

SCD MILAGROSA **3** **1** **EF LALÍN**

Goles: Yago, Pajón e Brais

Goles: Alejandro



Arbitro: Javier Pérez Prado. Antón Lodeiro e Adrián Estraviz. Campo: Luis López Gorgoso

“Una más y una menos, hay que seguir luchando hasta el final” MADRILES SDC Milagrosa

A Milagrosa gañou a súa primeira final. Os de Madriles tiñan esta data marcada no calendario, pero agora o rival a bater é outro. Durante gran parte da tempada Lalín e Milagrosa xogábanse a permanencia pero agora aparece o Victoria B como principal rival.

Os xogadores lucenses atopáronse no túnel de vestiarios co lema que lles levou a tempada pasada ao ascenso de categoría. O Lalín comprobou que en Friga non se rende ningún e o Victoria B comprobárono nas últimas xornadas.

Os xogadores de ambos equi-

pos estiveron moi por riba dos factores externos, que obrigaron a deter o encontro por uns segundos. O resto e o principal disputouse sobre o rectángulo de xogo, onde os dous equipos, pese á tensión, estiveron de dez en canto a intensidade e deportividade.

A Milagrosa foi mellor. O fútbol directo tivo demasiado protagonismo na primeira parte, na que o Lalín creou perigo en accións a balón parado. Pero os de Madriles tamén sacaron a relucir a estratexia e Brais inaugurou o marcador cun remate de cabeza tras unha acción

OS MELLORES

MILAGROSA

JUAN

BRAIS

Diego C.

Yago entre dous defensas do Lalín nun lance do xogo na Friga



Rafa encarando a un defensa do Lalín pola banda dereita

ensaiada. O Lalín acusou o golpe e Diego Cabarcos forzou un penalti que transformou Pajón para chegar ao descanso con dous a cero.

Na segunda parte o Lalín recortou distancias e houbo momentos de incerteza nos que Borja, con dúas boas paradas, mantivo a vantaxe ata que Yago sentenciou o encontro na recta final co tres a un que mantén á Milagrosa dependendo de si mesma na loita pola permanencia na Liga Galega cadete.

O Viveiro mereceu os tres puntos na Gándara

TRASI asinou o empate nun treito final de partido no que os de Luchi borrarón ao seu rival do campo

R. FERROL B **1** **VIVEIRO CF**

Goles: Iker poolo Ferrol B. Trasi polo Viveiro

“Una pena que se este acabando la Liga, porque cada vez somos un equipo más fuerte”

LUCHI Viveiro CF

O Viveiro tivo que conformarse cun punto pese a merecer os tres en xogo en Ferrol nun partido moi completo dos de Luchi, aos que tan só lles faltou un pouco máis de contundencia e acerto nos metros finais para levarse todo o botín en xogo.

Os miñaos empataron cun gol de Trasi a falta de dous minutos para o final, o que pode levar a pensar que o empate non é mal resultado, pero vendo o sucedido ao longo do encontro o premio é moi escaso.

Desde os primeiros minutos o Viveiro foi mellor, dominou o mediocampo e xerou perigo por medio de Álex e Luis por bandas. O cero a un palpábase desde o inicio e Lucas viu como se lle anulaba un gol por fóra de xogo antes de que os locais aproveitásen unha xogada illada para inaugurar o marcador. O un a cero non variou a folia de ruta do encontro, na que o Viveiro seguía sendo mellor. As ocasións sucedéronse na segunda parte ata que Trasi atopou o camiño a dous minutos para o final, tempo no que o Viveiro continuou buscando e merecendo o gol da vitoria.

OS MELLORES

VIVEIRO CF

ALEJANDRO

LUIS

DANI

CALASANZ **1** **CD LUGO B**

Goles: Hugo polo Calasanz B. Jorge e Michi polo CD Lugo B. Arbitro: Alejandro Vázquez García

O Lugo B é de Galega

A PERMANENCIA dos albivermellos, practicamente asegurada

“A mellor dar sortes é traballar día a día” SEOANE CD Lugo B

polo que serán xuices por evitar o descenso a próxima xornada que se disputa pasadomañá, na que o Lugo B recibe á Milagrosa no derbi capitalino que se disputará en Cospeito.

Os nove puntos dos últimos doce en xogo para o Lugo B fan que vexan a loita pola permanencia desde a barreira. A boa dinámica dos de Seoane fíxose valer desde os primeiros minutos na Coruña, completamente dominados por un Lugo B que dispuxo dun carrusel de ocasións.

Alesito obrigou a lucirse ao porteiro local cun remate á escuadra, e Michi estrelou un balón na cruceta antes de que Jorge inaugurase o marcador co cero a un e Michi o ampliase co cero a dous tras rematar de



Juanma golpeando o balón ante un rival nun partido na Fonte

cabeza un centro de Mateo.

O Lugo B tomouse un pequeno descanso e o Calasanz recuperou o pulso antes do intermedio ao recortar distancias nunha das poucas ocasións dos locais ao longo dos primeiros corenta minutos de xogo.

Na segunda parte o xogo apenas tivo continuidade, con moitas interrupcións e faltas. O Lugo B quedouse con dez xogadores trala expulsión de Nodar e Jacobo evitou o empate cunha gran intervención nun partido que o Lugo B puido sentenciar á contra nos minutos finais con ocasións moi claras por medio de Jorge, Gabri e Michi.

O Lugo B deu un paso de xigante cara a permanencia. Os lucenses sumaron o seu terceiro triunfo nos catro últimas xornadas na Coruña ante o Calasanz B, e pese aos triunfos de Milagrosa e Victoria B, os de Seoane contan con nove puntos máis o average a favor dos herculinos.

Superioridade visitante

A MILAGROSA APENAS TIVO OPCIONS ante un Bergantiños que se levou os tres puntos do Luis López Gorgoso e segue en postos de permanencia



5

PARTIDOS sen ver portería contraria leva a Milagrosa, que fixo os seus dous últimos goles en Santiago de Compostela a mediados do mes de marzo



O albivermello Raúl loita por un balón ante un rival



Diego trata de frear unha contra do Bergantiños

Arbitro: Marco Antonio Fernández. Iago Caeiro e Marcos López. Campo: Luis López Gorgoso

“Tenemos que recuperar la intensidad en este final de temporada” MADRILES SCD Milagrosa

A Milagrosa viuse superada no Luis López Gorgoso polo Bergantiños, que se levou os tres puntos de Frigsa tras ser superior ao longo dos oitenta minutos de xogo.

O cero a un chegou aos nove tras un centro lateral co que se confirmaron as discretas sensacións coas que os de Madriles empezaran o encontro.

As cinco xornadas consecutivas que acumulan os lucenses sen marcar complicaban a loita polos puntos neste encontro pero ao descanso a Milagrosa

chegou con vida co axustado cero a un co que finalizou a primeira parte.

Na segunda o Bergantiños ampliou a diferenza con dous goles no primeiro cuarto de hora, polo que o encontro quedou visto para sentenza co cero a tres.

Na recta final chegaron dous goles máis para o definitivo cero a cinco co que finalizou o encontro. A Milagrosa xogará o seu próximo partido na Liga Galega infantil pasadomañá no Manuel Anxo Cortizo de Lalín a partir das 11:00 horas.

OS MELLORES

- MILAGROSA**
- MARCOS
- RAÚL
- CRISTIAN

Unha das mellores versións da Residencia

GRAN PARTIDO

dos de Kaiser, que mereceron o premio dos puntos



Goles: Álvaro polo Calasanz

“Enorme partido de todos os xogadores. Noraboa polo gran esforzo que realizaron ao longo do encontro”

KAISER Residencia

A Residencia disputou un dos mellores encontros da tempada ante o Calasanz na Coruña.

Un partido no que os de Kaiser mereceron con fartura os puntos, pero cederon pola mínima ao non atopar o camiño do gol e encaixar un ao filo do descanso un gran disparo desde fóra da área que se coou por toda a escuadra.

Ata entón a Residencia se atopara moi cómoda sobre o terreo de xogo, coas ideas claras con balón, xerando perigo por bandas, especialmente por medio de Alonso e con Lucas sendo un incordio para a zaga herculina, mentres que en defensa tan só sufríu nalgunha acción a balón parado ata que chegou un golpeo afastado imparábel para David co que se adiñantou o Calasanz.

Tras recuperarse do mazazo do gol no descanso, a Residencia volveu ser mellor nunha segunda parte na que o porteiro local foi o gran protagonista ao evitar o empate nun bo disparo de Manu e nun man a man de Alonso na recta final do encontro.



Goles: Jorge polo Pabellón e Nacho polo Calasancio

Árbitros: David Pérez, Luis Pérez e Aitor Freañ

O Calasancio consumou o descenso á Liga Provincial tras empatar ante o Pabellón Ourense, quedándose os postos de permanencia a 13 puntos cando tan só restan 12 por disputar.

A Liga Galega infantil perde deste xeito a un dos seus his-

Cae un histórico da Liga

O CALASANCIO descende tras ser un dos únicos equipos que competiu en Liga Galega infantil dende a súa creación

“Partido muy trabado y con pocas ocasiones para los dos equipos”

CARLOS FONTAL CP Calasancio

tóricos, xa que o Calasancio competiu na máxima categoría infantil desde a súa creación, un rexistro que agora ostentan tan só Deportivo e Celta no fútbol galego.

Ante o Pabellón unha vitoria podería manter as constantes vitais, xa que o Alondras perdeu en Ourense, pero os de Carlos Fontal non pasaron do empate.

Aos seis minutos as cousas puxéronse aínda máis costa arriba co cero a un do Pabellón Promesas tras unha acción a balón parado na que pillaron



O monfortino Brais a piques de facerse co coiro | Dosi

á defensa local colocándose. Antes do descanso Nacho aproveitou o rexeite dun remate de Toni tras un saque de esquina para devolver as táboas ao marcador, pero na segunda

parte apenas houbo ocasións xa que o xogo foi moi trabado e cheo de interrupcións ata o asubio final co que o Calasancio perdeu a categoría.

OS MELLORES

- CALASANCIO**
- DAVID
- LAMUS
- TONI

O Pabellón evitou unha gran final na última xornada

OS OURENSÁNS REMONTARON NA SEGUNDA PARTE UN 1-3 ANTE O VAL MIÑOR e aseguráronse o cuarto posto pese á vitoria do Lugo ante o Montañeros na Coruña



Arbitro: Juan Nuñez, Guillermo Iglesias e Martín Valiño. Campo: Leyma, A Coruña

Vitoria estéril do Lugo en Leyma ante o Montañeros na penúltima xornada de Liga. Unha cita á que os de Dani Galán chegaban con opcións de xogarse un posto na final a catro no último partido, pero malia cumprir coa súa parte o Pabellón Ourense chegará a Lugo pasadomañá co billete xa selado.

Un triunfo do Lugo, como sucedeu na Coruña,

e unha derrota do Pabellón ante o Val Miñor, faría que os dous equipos xogasen a unha carta na última xornada que se disputará pasadomañá nun duelo directo.

O obxectivo estivo moi preto xa que o Val Miñor gañaba por un gol a tres en Ourense ao descanso, pero a remontada local

“Vamos a ser competitivos hasta la última jornada y a acabar la temporada con un buen sabor de boca”

DANI GALÁN CD Lugo

na segunda parte evitou a que sería unha final nas Gándaras entre Lugo e Pabellón por un posto nas semifinais do campionato Galego infantil.

O Lugo cumpriu co que estaba na súa man nun partido que tivo que reconducir co paso dos minutos, xa que no tramo inicial os de Dani Galán non se atopaban cómodos.

Un cambio de sistema, pasando a tres centrais



Manu loitando pola posesión do balón ante o banquiño do Lugo nas Gándaras

e dous carrileros, deu-lle máis protagonismo ao Lugo para romper as dúas liñas de catro do Montañeros.

O cero a un chegou á media hora cun autogol do Montañeros, polo que a primeira parte, pese a terminar controlada, non tivo ao Lugo cómodo en ningún momento. Xa

na segunda o partido abriuse moito máis e con iso apareceron os espazos. Aos dez minutos Ayman fixo o cero a dous cunha vaselina ante o porteiro herculino e, malia que o Montañeros recortou distancias cun gol de falta directa, tan só dous minutos despois do un a dous Pérez sentenciou

o encontro co un a tres ao bater ao porteiro local nun man a man, asinando o seu oitavo gol nesta segunda fase.

Arbitro: Antón Lodeiro Sarmento Campo: A Magdalena (Vilalba)

“Demasiada diferencia entre la primera y la segunda parte” JANDRO NOVOA RC Villalbés
“Descontento coa primeira parte, pero moi contento coa segunda na que competimos de ti a ti contra un dos mellores equipos da categoría” RAÚL SD Sarriana

O Rácing Villalbés segue co paso firme o camiño cara á clasificación para disputar o Ascenso. O equipo de Jandro Novoa venceu á Sarriana na Magdalena e salvou o penúltimo escollo para asegurar unha praza no podio da clasificación. O derradeiro é o Becerreá, ao que se medirán a vindeira xornada no Municipal.

Ante a Sarriana, os racinguistas tiraron dos méritos feitos na primeira metade para quedar cos tres puntos. Os locais atoparon moito espazo para despreparar o seu xogo e chegar con moito perigo á area rival con internadas pola banda. Unha de Carlos pola esquerda

deu orixe ao primeiro gol, de David Gegunde, que rematou un pase atrás. Dúas incorporacións pola dereita de Sergio Díaz propiciarían dous tantos máis.

OS MELLORES

RC VILLALBÉS	SARRIANA
GIMENO	PABLO NO
MIGUEL	NACHO
LEO	DENIS

de Toni e de Noel, antes de chegar o descanso. Na segunda metade, o guiño do partido mudou completamente.

A Sarriana volveu á súa formulación defensiva habitual e, con máis solidez e mellor actitude na segunda metade, xogoulle de ti a ti ao Villalbés, chegando á area rival, con oportunidades claras como un disparo de Rubén que a piques estivo de entrar polo ángulo da portaría e o 3-1, que marcou Tourón de falta directa.

Sobre a bucina, Carlos, nunha xogada individual, puxo o 4-1 no marcador, certificando un triunfo que deixa ao seu equipo a un paso da clasificación.



Noel trata de baixar o esférico ante o sarriano Slatel



Yago, a piques de dar un pase ante a presión de Dennis



Noel trata de levar o balón no mediocampo ante Rubén



Sergio Díaz a piques de centrar seguido de Pablo No

O Ribadeo gaña e tócalle agardar

OS DE MORO REMATARON A COMPETICIÓN e necesitan que Viveiro ou Rácing Villalbés non gañen na última xornada para poder disputar a fase de ascenso

RIBADEO 5
LUGO B 3

Aarón	Jorge
Dopico	Raúl
Brais	Bueno
David	Álex
Adri	Pepe
Roi	Bruno
Migui	Iker
Xavi	André
Carlos	Román
Antón	Jose
Kai	Omar
Agoub	Villa
	David
	Simón
	Iago
	Anxo

Goles: Carlos (3), Brais e en propia meta para o Ribadeo; Alex, Iker e André polo CD Lugo B.
 Arbitro: David Jiménez Jiménez

Último partido do campionato provincial para o Ribadeo, ao que só lle queda esperar un traspés de Rácing Villalbés ou Viveiro para manterse entre os tres primeiros clasificados.

Calquera opción pasaba para os ribadenses por gañar o partido ante o Lugo B e cumpriron, aínda que non sen dificultades. De feito, o partido chegou ao descanso cun 0-2 de renda para os albirverme-

llos tralos goles de Iker, tras unha gran asistencia de Ander, e de Jose, amosándose máis eficaces que os mariños nos primeiros corenta minutos.

O Ribadeo saíu a por todas tralo paso polos vestiarios e en cinco minutos os de Moro xa empataran o encontro con goles de Carlos, logo de aproveitar o rexeite dun disparo de Brais e cun autogol do Lugo B tras un córner do Ribadeo.

“Soubemos repoñernos ao cero a dous sen renunciar ao noso estilo de xogo” MORO Ribadeo

“Partido alocado en el que no supimos mantener las ventajas que tuvimos a lo largo del encuentro en el marcador” ANTON MENDOZ Lugo B

Os de Antón Méndez recuperaron o pulso cando peor o tiñan e volveron tomar o mando no marcador cun gol de Álex, pero a dinámica do Ribadeo non cambiou e foi superior. Brais asinou o empate a tres e Carlos, con dous goles, a vitoria e o seu hat trick particular neste encontro. Dándolle unha vitoria vital ao Ribadeo, que pechou a súa participación no Provincial infantil pero terá moita atención no que pase na última xornada de Liga.



O Burela infantil celebra o título provincial despois de vencer á Residencia B no partido disputado o pasado sábado pola mañá no campo da Marosa

O Burela é novo campión Provincial infantil

OS DE JAVI RUIZ ESTÁN A 160 MINUTOS DA LIGA GALEGA tras proclamarse campións ao vencer á Residencia B na Marosa

BURELA	RESIDENCIA B
Goles: Fernando, Adrián (2), Iván e Pablo Gil	Goles: Santi Vélez
5	1



Árbitro: Ángel Ron Valle. Campo: A. Marosa (Burela)

Dia grande na Marosa. provincial en infantil. O Despois de tres tempo- Burela puido proclamarse radas aspirando ao título campión lucense. Os de

Javi Ruiz non quixeron esgotar os comodins e aproveitaron a primeira ocasión que tiveron para asegurar o campionato e, de paso, a vantaxe de ser cabeza de serie de cara á fase de ascenso á Liga Galega.

A ansiedade puido xogarlles unha mala pasada nos primeiros quince minutos nos que a Residencia B, sen presión ningunha, lles meteu o medo no corpo, pero o 1-0, nun remate de Fernando que entrou tras bater nun defensa rival, serenou aos locais que,

“Quero dar as grazas ás familias e aos xogadores que ao inicio da temporada creron no proxecto e quixeron xogar neste equipo. Este é o premio” JAVI RUIZ, Burela

OS MELLORES

BURELA	RESIDENCIA B
YAGO	SANTI V.
PABLO GIL	NICO
BALSEIRO	XABI

na segunda metade, se impuxeron en todas as facetas do xogo. Adrián, en dúas ocasións, e Iván puxeron terra polo medio antes de que a Residencia B fixese, de penalti, o único gol do encontro. O

broche ao partido púxollo Pablo Gil, anotando o quinto gol tras unha xogada con Adrián. O Burela puido celebrar o ansiado título de Liga provincial e pode seguir facendo historia. A Liga Galega está a 160 minutos: unha eliminatoria a ida e volta na que optan ao salto de categoría.

A promoción celeste pasa pola Cheda

O VIVEIRO ESTARÁ NA FASE DE ASCENSO se suma os tres puntos na última xornada ante a Residencia B. Os de Antonio Serrano non derón opcións ao Becerreá

VIVEIRO	9
BECCERREÁ	0
Dopico	Mito
Juan Liz	Martin
Carlos	Claudio
Bruno Vasco	Candela
Dani Martínez	Alejo
Adri	Adrián
Boixet	Andrés
Ayana	Deivid
Samu	Babiac
Teshome	Álvarez
Miranda	Carlos
Naim	Dani
Ricardo	Dorado
David Álvarez	Diego
Marc	Unai
Isra	

Goles: Boixet (2), Adri (2), Samu (2), Ayana (2) e Miranda.
Árbitro: Juan Carlos Polo Fernández

O Viveiro mantén o rumbo no sprint final da Liga co billete para disputar o Ascenso no punto de mira.

Os celestes saben que un erro sería fatal no pulso que manteñen con Rácing Villalbés e Ribadeo polas dúas prazas aínda en xogo e, ante o Becerreá, non fixeron ningunha concesión. Lonxe diso, sairon a polo partido desde os minutos iniciais, amosando o bo encaixe

das incorporacións máis recentes á dinámica do equipo.

De feito, Ayana foi un dos que máis perigo xenerou durante a primeira metade, anotando dous goles, o 2-0 pouco despois de que Adrián abrise o marcador, cun lanzamento de falta, e o 4-0 nunha xogada individual coa que deixaba o partido visto para sentenza despois de que Martí Boixet fixese o terceiro.

“Nos queda el último pasito en esta competición. Después, a disfrutar”

ANTONIO SERRANO Viveiro

“Un partido que se nos hizo eterno”

NICO Becerreá

Tras o paso polos vestiarios continuou o monólogo local con cinco tantos máis que completaron o marcador no Marcos Gómez.

O Viveiro logrou así a terceira vitoria consecutiva desde que a derrota ante o Rácing Villalbés o

afastase da loita pola primeira praza. Os celestes precisan un último triunfo a vindeira xornada ante a Residencia B na Cheda para asegurar a clasificación e disputar a fase de ascenso á Liga Galega infantil, o gran soño celeste esta tempada.

CLASIFICACIÓNS

INFANTIL Promoción Ascenso

RESULTADOS	
Villalbés A - Sarriana	4-1
Viveiro - Becerreá	9-0
Burela SD - Residencia	5-1
Ribadeo - CD Lugo B	5-3

CLASIFICACIÓN

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
BURELA SD	38	15	12	2	1	68	23
SD RIBADEO	35	16	11	2	3	61	21
SD VIVEIRO	34	15	11	1	3	73	28
RC VILLALBÉS A	33	15	10	3	2	70	25
CD LUGO B	18	15	5	3	7	54	42
S.D. SARRIANA	15	15	4	3	8	32	49
S.D. BECCERREA	10	15	3	1	11	21	63
SAGRADO A	7	15	1	4	10	20	71
S.D. RESIDENCIA B	4	15	1	1	13	20	97

ÚLTIMA XORNADA

Sarriana - Sagrado A	Becerreá - Villalbés A
Residencia B - Viveiro	Lugo B - Burela

premioslíder 2019

20 MAIO

PUBLICACIÓN PREMIADOS

Equipo ideal Infantil provincial

Coas votacións e os recontos



O Ribadeo descarrila na penúltima curva

A DERROTA ANTE O FOZ dalle o liderado a un Polvorín que será campión Provincial se gaña aos de Burunda

RIBADEO	FOZ
Got: Miguel Guedes	Goles: Pablo e Alex
1	2



Arbitro: Jonathan Losada Menacho Campo: Pepe Barrera

OS MELLORES	
RIBADEO	FOZ
JAVI PÉREZ	ÁLVARO
JAVI PEÑA	JOSE
MIGUEL G.	CARLOS

O Foz logrou en Ribadeo unha vitoria que deu un xiro de 180 graos ao guiño do Provincial. Os de Burunda deron a sorpresa no Pepe Barrera cun triunfo que apea aos locais da primeira praza a falta dunha xornada para o desenlace do campionato.

Os focenses tiñan demostrado que se crecen ante os "grandes". Mostrárono na visita ao Polvorín e á Cheda e ratificárono, desta vez con premio, no Pepe Barrera.

Aos visitantes saíulles todo ben en Ribadeo. A súa proposta para o partido pasaba por esperar repregados e buscar as

súas opcións á contra e o 0-1 de Pablo, aos seis minutos de xogo, foi o mellor comezo posible.

Os ribadenses, que tiñan a esixencia de gañar para non perder a ventaxa no liderado, foron polo partido e dispuxeron de ocasións para empatar, entre elas un tiro ao pau, pero a ansiedade por marcar, que foi a máis co paso dos minutos, xogoulles malas pasadas na toma de decisión en ataque e fixo que, por momentos, se desordenasen tamén en defensa, concedendo ocasións a un Foz preparado para aproveitar calquera concesión disparando á meta rival.

O nerviosismo continuou na segunda metade, cando os peores temores dos ribadenses se fixeron realidade co 0-2, que marcou

"Xogando así a pouco podemos aspirar"

SUSO COTO Ribadeo

"Noraboa aos dous equipos polo esforzo que fixeron"

BURUNDA Foz

Álex cun lategazo desde a esquina da área.

O triunfo poñíase aínda máis costa arriba para o Ribadeo que, cada vez con máis urxencia, buscaba o gol que o metese no partido. Non chegou ata os últimos cinco minutos do encontro, cando marcou

Miguel. Ata o final, terían outros dous disparos que se marcharon altos.

Na última xornada os ribadenses visitan ao Monterroso, pero terán un ollo posto en Foz onde os de Burunda poden volver ser xuíces do campionato xa que reciben ao Polvorín.



O ribadense Diego lamenta unha ocasión na Cheda

A Sarriana remontou e enlaza dúas vitorias

DAVID parou un penalti co 1-2

SARRIANA	3
MONTERROSO	1

David	Kevin
Ricardo	Lucas
Barrio	Martin P.
Munir	Alex VV
Gallego	Diego
Saúl	Artai
Miguel	Raúl
Rubén	Iván
Saúl Tourón	Louzao
Aján	Santi
Hamza	Isma
López	Manu
Ángel	Xes
	Roi

Goles: Rubén, Hamza e Ángel pola Sarriana; Santi polo Monterroso.

Arbitro: Carlos Andrés Lamus Picon

Segunda vitoria consecutiva da Sarriana, que sumou 7 dos nove últimos puntos en xogo, a mellor xeira de resultados da temporada.

O bo momento dos da Ribela reflectíuse na capacidade de reacción ao gol inicial do Monterroso, que abriu o marcador aos dez minutos do encontro. A partir de aí a primeira metade foi un monólogo dos locais que xeneraron moitas ocasións e conseguiron darlle a volta ao marcador con goles de Rubén, infantil que se estreou como goleador na categoría cadete cun lanzamento de falta, e de Hamza, un pesadelo para o Monterroso

Na segunda metade as forzas equilibráronse e a Sarriana puido lamentar as ocasións erradas cando os visitantes dispuxeron dun penalti para igualar o resultado. A intervención de David, que detivo a pena máxima, foi clave no desenlace do partido que se mantivo aberto ata o final. O acerto do gardameta deu confianza aos seus compañeiros ata que nos últimos compases Ángel conseguiu o definitivo 3-1. A Sarriana pechará o provincial na Cheda mentres que o Monterroso recibirá ao Ribadeo nos Cerdeiriños.

"Supimos reponernos del mal inicio y remontar el partido"

AYOUB Sarriana

"Triunfo merecido da Sarriana pola superioridade na primeira parte"

ADRIAN VÁZQUEZ Monterroso

Regularidade CADETE PROVINCIAL

Xogador	Equipo	P.
DANI	Burela SD	30
CARLOS	CD Foz	30
CANCIO	Residencia A	28
JAVI PÉREZ	Ribadeo	26
ABUÍN	CD Foz	23
ISMA	Monterroso	23
ÁLVARO	CD Foz	22
RICARDO	Sarriana A	20
DAVID OTERO	Burela SD	18
MANU	Monterroso	18
DAVID	Sagrado	18
JOSE	CD Foz	17
ANDRÉS	Polvorín A	17
LOMBARDÍA	Residencia A	17
SAMUEL	Ribadeo	17
ADRIÁN	Burela SD	16
SERGIO	CD Foz	16
XES	Monterroso	16
GABI	Monterroso	15
JAVI	Polvorín A	15
ÁLEX FDEZ.	Polvorín A	15
JORGITO	Residencia A	15
SAMUEL	Sagrado	15
BORJA	Ribadeo	14
DAVID	Sarriana A	14
SERGIO	Burela SD	13
MANU	Castro	13
ÁLEX	CD Foz	13
IGNACIO	Polvorín A	13
MANU COUCE	Polvorín A	13
MALLO	Sagrado	13
SAÚL	Sarriana A	13
AYÁN	Sarriana A	13
ANXO	Burela SD	12
PABLO	CD Foz	12
RAÚL	Monterroso	12
RAÚL	Polvorín A	12
DHOMI	Polvorín A	12

A Residencia fixo augas

OS DE RAMIRO CHAVES gañaron na Marosa e chegan reforzados ao duelo directo por eludir a última praza ante Sagrado Corazón

BURELA	3
RESIDENCIA	2

Lucas	Álex
Balseiro	Miguel
Rafa	Cristian
David Otero	Brais
Sergio	Jorge
Antonio	Martin
Raúl	Javi Jacob
Anxo	Yoel
Dani	Cancio
Azael	Manoel
Brais Penelo	Victor
David Orosa	Guille
Alex	Rubén
	Marco
	Penin.

Goles: Dani Jiménez, Brais Penelo e David Orosa polo Burela; Manoel e Jorge pola Residencia.

Arbitro: Manuel Martínez Díaz

O Burela pon distancia coa última praza tras lograr na Marosa unha vitoria contra prognóstico. Os de Ramiro Chaves superaron a unha Residencia que se xogaba chegar á última xornada con opcións ao título. Os tres puntos non tiñan menos importancia para os mariñoas, moi reforzados de cara ao duelo directo da última xornada con Sagrado Corazón, que decidirá o colista.

Os branquiazuis adian-

"Cando o equipo está practicamente ao completo, podemos competir contra calquera rival. Darlle a noraboa aos rapaces polo traballo, paciencia e intelixencia á hora de afrontar este encontro"

RAMIRO CHAVES Burela

"Agradecemos ao Burela que nos deixase xogar nun campo tan espectacular"

ADRIAN VÁZQUEZ Residencia

táronse en dúas ocasións pero non foron quen de manter a vantaxe ante un Burela moito máis motivado e con todos os efectivos dispoñibles, algo que

apenas aconteceu durante a segunda fase da temporada. Co empate a dous no marcador, un gol de David Orosa nunha falta decantou o encontro.

O Polvorín ten na súa man o título provincial

A VITORIA ANTE SAGRADO CORAZÓN E O TROPEZO DO RIBADEO devolven aos de Caballero a batuta do título que poden levantar en Foz

POLVORÍN **3** **0** **SAGRADO**

Goles Dhomi, Alex Fernández e Alberto Díaz

Polvorín: Nico (Nico V), Marcos L. (Samuel), Raúl, Alex F., Alex L. (Paulo), Conde, Lucas, Oscar (Jose), Yoni, Ignacio (David).

Sagrado Corazón: Mallo, Quintela, Iago (Carlos), Aarón (Cristian), Fran, Alvaro (Fran), David, Samuel, Eder, Losada (Diego).

Arbitro: Brais del Olmo Braserero Campo: O Polvorín

"Partido muy completo de todos los chavales" CABALLERO Polvorín

"Fueron los merecedores de la victoria" BRAIS ROZADOS Sagrado Corazón

OS MELLORES

POLVORÍN	SAGRADO
ALBERTO D. ⚡	MALLO ⚡
ÁLEX FDEZ. ⚡	QUINTELA ⚡
DHOMI ⚡	SAMUEL ⚡

O Polvorín logrou ante Sagrado Corazón unha vitoria cun premio inespereado. A derrota do Ribadeo ante o Foz fixo de ouro os tres puntos logrados en Montirón polos de Caballero, que chegan á última xornada como líderes. Un triunfo ante o Foz faría aos capitalinos campións provinciais.

Na formulación do partido ante Sagrado Corazón, os amarelos tiñan presente a necesidade de gañar para un eventual tropezo dos ribadenses. Con este obxectivo afrontaron un encontro que foron madurando co paso dos minutos.

Nos primeiros trinta, o Sagrado Corazón, moi serio no traballo defensivo, conseguiu minimizar as ocasións dos locais que, con todo, tiveron, no minuto dez, a primeira oportunidade para abrir o marcador nun disparo de Dhomi que sacou moi ben Alvaro.

O propio Dhomi encargábase de anotar o primeiro á media hora de partido, nunha acción na que conseguiu revolverse e rematar coa zurda.

O gol liberou da ansiedade aos locais, moito máis soltos co balón. Así,

sen tempo para que Sagrado Corazón asimilase o mazazo, nun saque de esquina botado por Lucas, Álex Fernández marcou o 2-0, que poñía o partido moito cara arriba para os visitantes.

Malia ter o encontro de cara, na segunda metade o Polvorín mantivo a intensidade e afianzou o seu dominio, creando varias ocasións para aumentar a renda, sobre todo a balón parado.

Nunha delas, nun saque de córner, Alberto Díaz fixo cunha volea o 3-0 que pechaba definitivamente o partido en Montirón.

Na última xornada os de Caballero visitarán ao Foz na busca do título. O Sagrado Corazón terá nas Gándaras un duelo directo para tratar de eludir a última praza.



David controla o esférico de espaldas a Conde



Dhomi golpeando o balón ante o xogadores branquiazuis Eder e Mallo

20

GOLES DE DHOMI

O dianteiro amarelo, que inaugurou o marcador este domingo ante Sagrado Corazón, logrou o seu vivésimo gol esta temporeada, o que o converte no máximo goleador do equipo de Caballero e no terceiro da categoría, por detrás de Dani Jiménez, do Burela e de Samuel, do Ribadeo.



Óscar en condución pegado á banda con Losada

1

XORNADA

Polvorín e Sagrado Corazón xogaranse na última xornada a súa posición final na táboa. Os amarelos midense co Foz coa vista posta no partido do Ribadeo mentras que os branquiazuis dependen de si mesmos para evitar a última praza, que compromete a presenza do equipo na futura Primeira División provincial



Alvaro, do Sagrado, despexa un córner ante Óscar



Lucas a piques de facerse co balón presionado por Losada

CLASIFICACIÓNS

CADETE Promoción Ascenso

RESULTADOS

Sarriana - Monterroso	3-1
Burela - Residencia A	3-2
Polvorín A - Sagrado	3-0
Ribadeo - Foz	1-2

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts.	X	G	E	P	GF	GC
EF POLVORIN A	31	13	10	1	2	31	11
SD RIBADEO	30	13	10	0	3	38	14
RESIDENCIA A	30	13	10	0	3	37	19
SARRIANA A	18	13	5	3	5	21	23
CD FOZ	16	13	5	1	7	25	28
MONTERROSO	13	13	4	1	8	18	25
BURELA S.D.	9	13	3	0	10	17	45
S. CORAZON	6	13	2	0	11	12	38

ÚLTIMA XORNADA

Residencia A - Sarriana A S. Corazón - Burela
Foz - Polvorín A Monterroso - Ribadeo

premioslíder 2019 Fútbol-Bases Lucense

13 MAIO
PUBLICACIÓN PREMIADOS

Equipo ideal Cadete provincial

Coas votacións e os recontos



Pichichi XUVENIL PROVINCIAL		
Xogador	Equipo	G.
ANXO	Milagrosa	31
ABELLA	Sarriana	22
NANO	Milagrosa	17
BORJA	Castro	16
IAGO	Polvorin FC	16
DAMIÁN	Becerreá	13
DIEGO	San Ciprián	13
TORITO	Castro	12
MARCO	Milagrosa	11
GUNDÍN	Sagrado	11
NEIRA	Milagrosa	10
IVÁN GARCÍA	Ribadeo	10
IVANILSON	San Ciprián	10
ABEL	Villalbés B	10
ÁLEX	Castro	9
VÍCTOR	Foz	9
ALBERTO	Polvorin FC	9
GABRI	Villalbés B	9
JOSE	Becerreá	8
RAÚL	Castro	8
JAVI	Becerreá	7
SANTÍN	Becerreá	7
SPEEDY	Polvorin FC	7
NACHO	Castro	6
JHOSEBA	Foz	6
JAVI PORRAL	Polvorin FC	6
JORGE	Ribadeo	6
SERGI	Sagrado	6
FLY	San Ciprián	6
GABRI	Villalbés B	6
ÁNGEL	Villalbés B	6
MÁNGEL	Castro	5
EDILSON	Foz	5
XOEL	Milagrosa	5
BRAIS	Polvorin FC	5
PLATAS	Sagrado	5
ANDRÉS	San Ciprián	5

Regularidade XUVENIL PROVINCIAL		
Xogador	Equipo	P.
SPEEDY	Polvorin FC	48
RAÚL	Castro	30
JORGE	Foz	30
ANXO	Milagrosa	27
DIEGO	San Ciprián	27
BORJA	Castro	26
ADRIÁN	Castro	24
HUGO	Sagrado	24
HUGO	San Ciprián	24
IAGO	Polvorin FC	22
ÁLEX	Polvorin FC	22
PLATAS	Sagrado	22
ABELLA	Sarriana	21
SANTÍN	Becerreá	20
ÁLEX	Foz	20
HUGO	Ribadeo	20
GUNDÍN	Sagrado	20
ÁNGEL	Ribadeo	19
IVÁN	Becerreá	18
DIEGO	Ribadeo	18
ÁNGEL	Villalbés B	18
ABRAHAM	San Ciprián	17
IVANILSON	San Ciprián	17
IAGO	Villalbés B	17
ABEL	Villalbés B	17
VÍCTOR	Foz	16
EDGAR	Sarriana	16
GABRIEL	Villalbés B	16
JORGE	Castro	15
ANDRÉS	San Ciprián	15
ADRIÁN	Ribadeo	14
FABIÁN	Sarriana	14
MARCO	Sarriana	14
MARCO	Villalbés B	14
TORITO	Castro	13
NICO	Villalbés B	13
JUAN	Foz	12
DIEGO F.	Milagrosa	12

O Polvorín mantén vivo o soño da fase de ascenso

A FALTA DUNHA XORNADA os de Kubala, sen depender de si mesmos, terían opcións se pinchan Castro e Sarriana na última cita do Provincial

SAGRADO	1 2	POLVORÍN
Goles: Platas		Goles: Rubén e Gorka

Arbitro: Carlos Casas Herrero **Campo:** Rodriguez Lago - As Gándaras (Lugo)

“Los resultados no reflejan el nivel al que estamos compitiendo” FRAN FERNÁNDEZ Sagrado Corazón

“Noraboa ao equipo polo esforzo, aínda que de pouco nos vai servir” KUBALA Polvorin

O Polvorin levouse os tres puntos das Gándaras ante o Sagrado Corazón. Tres puntos que manteñen aos de Kubala na loita por un posto na fase de ascenso á Liga Galega xuvenil ata a última xornada.

As opcións son reducidas pero seguen estando aí. Os de Montirón chegan á última xornada quintos e cun partido máis que a Sarriana, que visita ao lider pasadomáñá, e a dous puntos do Castro, que recibe na última cita ao Foz en casa.

Nas Gándaras a pri-

meira parte foi de poder a poder, co Sagrado intentando levar a



Hugo e Speedy ante un balón dividido nas Gándaras

iniciativa e co Polvorin cómodo en repliegue, de aí a que o cero a cero inicial se mantivese ata o final dos primeiros corenta e cinco minutos.

Xa na segunda parte Rubén inaugurou o marcador cun disparo afastado. A reacción local chegou da man de Platas ao culminar un pase de Gundín, pero o Polvorin foi máis contundente e levouse os tres puntos cun gol de Gorka, ao rematar un saque de esquina no segundo pau co que os de Montirón manteñen viva a chama da esperanza de dar a campanada na última xornada.

OS MELLORES

SAGRADO	POLVORÍN
PLATAS	SPEEDY
ELISEO	YOU
RÓBER	RUBÉN



Róber e Iago forcxeean ante a mirada de Xoan ao fondo



Xoán e Gorka tratan de baixar o balón no mediocampo



Platas e Sebas midense na carreira polo balón na banda

A Milagrosa mira de esguello ao Roca

TRAS VENCER AO FOZ os de Couso agardan que o Rácing Villalbés falle nalgún dos dous encontros pendentes, o primeiro deles mañá en Vilalba ante a Sarriana

FOZ	0
MILAGROSA	8
Alonso	Roberto
Alex Pita	Carlos
Marqués	Jorge
Juan	Fran
Carlos	Manu
Victor	Jorge G.
Jorge	David
Alex C.	Julían
Yerai	Sebas
	Anxo
	Neira
	Gorka
	Miquel
	Camuñas
	Nano
	Toño

Goles: Anxo (3), Sebs (2), Julián (2) e Jorge pola Milagrosa.
Arbitro: David Jiménez Jiménez

A Milagrosa sumou os tres puntos en Foz e mete presión ao Rácing Villalbés B, que xa sabe que non pode fallar no partido que disputará mañá ás 18:30 horas no Roca fronte á Sarriana. Os de Manolo Couso solventaron con máis comodidade da prevista un encontro marcado desde a posta en escena pola falta de efectivos do Foz, que comezou o partido con só nove xoga-

dores. A lesión de Álex Carreiras no treito inicial complicou aínda máis o escenario para os de Gayol, que pouco máis puideron facer que esperar o final do partido.

O dominio dos visitantes foise traducindo en goles co pasos dos minutos. Julián, por partida dobre, Anxo e Sebas levaron o marcador ata o 4-0 antes do descanso. Tras o intermedio, o monólogo da Milagrosa continuou con

“Grazas aos nove xogadores que disputaron o encontro demostrando o seu compromiso co equipo e co club” IVAN GAYOL Foz

“Partido sen historia. Seguimos en la lucha. Gracias Manu por el trabajo” MANOLO COUSO Milagrosa

catro tantos máis, entre eles dous de Anxo, que suma trinta e un no que vai de temporada encabezando a lista de goleadores da categoría.

Á espera do que suceda mañá no Roca, a Milagrosa

chega á última xornada do Provincial con opcións de facerse co título.

En calquera caso, o derradeiro partido, ante o San Ciprián, será un último ensaio para a xa asegurada loita polo ascenso.



Manu leva o balón co corpo ante os xogadores do Castro Álex e Raúl



Màngel a piques de golpear o esférico ante a presión de Miguel Yáñez

O Castro mete presión á Sarriana polo podio

OS CHAIREGOS son terceiros cun partido máis a falta dunha xornada, pero poden chegar dependendo de si mesmos ao último encontro ante o Foz

RIBADEO	2 5	CASTRO
Goles: Iván García (2)		Goles: Raúl (2), Borja e Nacho (2)



Arbitro: David Méndez Moreda Campo: Pepe Barrera

OS MELLORES

RIBADEO	CASTRO
IVÁN G.	RAÚL
JOSE	NACHO
HUGO	BORJA

O Castro instalouse na terceira posición a falta dunha xornada tras impo-

ñerse en Ribadeo nun encontro marcado pola expulsión do mariño Alex aos vinte minutos, polo que os de Salva xogaron en inferioridade numérica durante unha hora. Con esta vitoria os chai-

regos fixarán a súa atención no encontro que disputan mañá Racing Villalbés B e Sarriana, xa que unha vitoria do lider deixaría ao Castro dependendo de si mesmo na última xornada para estar na fase de ascenso ao ter o average particular gañado coa Sarriana.

Si os da Ribela puntúan en Villalba o Castro xa non dependería de si mesmo, pero todas as opcións pasan polo encontro que se xogará mañá a partir das 18:30 horas no Estadio Roca.

Para chegar con todas estas opcións á última cita do Provincial o Castro tivo que impoñerse no Pepe Barrera nun partido no que o Ribadeo vendeu moi cara a derrota.

Os mariños adiantáronse no marcador cun

gol de Iván cando xa xogaban en inferioridade numérica trala expulsión de Alex por protestar aos vinte minutos.

Cun menos e o marcador a favor o Ribadeo intentou pechar filas, pero o Castro, con dous goles de Raúl, deu-lle a volta ao marcador antes de chegar ao descanso.

O Ribadeo aínda non dixera a súa última palabra e ao comezo da segunda parte devolveu as táboas ao marcador, de novo cun gol de Iván García tras unha acción individual.

Ao Ribadeo fíxoselle moi longo o encontro ao xogar unha hora cun xogador menos e o Castro non deixou pasar a súa oportunidade de ouro de meterse na pelexa pola promoción de ascenso. Os de Brais

“Contento co compromiso dos xogadores, exceptuando algún caso puntual”

SALVA Ribadeo

“Noraoa aos dezaseis xogadores pola actitude que levan tendo durante todo o ano. É increíble que un grupo de xuvenil local teña este compromiso”

BRAIS PRADOS Castro

Prados xeraron moitas ocasións que transformaron en goles por medio de Borja e de Nacho por partida dobre para levar o marcador ata dous a cinco final.

A lesión de Óscar eclipsou o demais

O PORTEIRO DO BECERREÁ sufriu unha rotura de tibia e peroné nos primeiros minutos do encontro, que quedou nun plano secundario tras a súa retirada do campo

SAN CIPRIÁN	11
BECKERREÁ	1
Elias	Oscar
Diego Luna	Jorge
Andrés	Fran
Pelayo	Javi
Jairo	Iván
Nacho	Miguel
Ivanilson	Riomao
Abraham	Marco
Hugo	Deiros
Fly	Damián
Diego Baltar	Nacho
Dani	Bital
Cristian	Ily
Irfan	
David	
Juan	

Goles: Diego Baltar (2), Hugo (2), Diego Luna (2), Dani (2), Ivanilson (2) e Andrés polo San Ciprián; Damián polo Becerreá.
Arbitro: Pablo Polo Fernández

O partido na Veiga, a priori transcendente para a configuración da zona baixa da táboa, quedou marcado pola lesión do gardameta do Becerreá, Óscar, no inicio do partido.

Como consecuencia dunha mala caída na acción do primeiro gol, o porteiro visitante sufriu unha rotura de tibia e peroné que o obrigará a pasar hoxe polo quirófano. O encontro mantívose parado durante

media hora para atender ao xogador, que tivo que ser trasladado en ambulancia para o seu ingreso hospitalario.

A súa recuperación é a prioridade para un equipo que, tras o acontecido, afrontou o partido moi condicionado.

Javi púxose baixo os paus para completar un encontro que se fixo moi longo para os de Antón Méndez, que, no ecuador da primeira metade, que-

“Desde o CD San Ciprián desexamos unha pronta e boa recuperación de Óscar”

MADARIAGA San Ciprián

“Uno de los peores días para el Becerreá tanto en lo deportivo como en lo anímico”

ANTON MENEZ Becerreá

darian con 10 xogadores tras a rigorosa expulsión por dobre amarela de Nacho.

Así, ao descanso o partido xa parecía decantado para o San Ciprián, que gañaba por 4-1 despois de

crear máis ocasións de gol e ter tamén máis acerto, xa que Damián e Riomaos puideron recortar mais distancia. Na segunda metade, o San Ciprián aumentou o seu dominio e a súa renda con sete goles máis.

CLASIFICACIÓNS

XUVENIL Promoción Ascenso

RESULTADOS

Villalbés B - Sarriana	Apr.
San Ciprián - Becerreá	11-1
Foz - Milagrosa	0-8
Ribadeo - Castro	2-5
Sagrado C. - Polvorín	1-2

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
SCD MILAGROSA	41	17	13	2	2	65	14
RC VILLALBÉS 'B'	40	16	12	4	0	40	11
CD CASTRO	24	17	7	3	7	42	38
SD SARRIANA	24	16	6	6	4	35	29
POLVORIN FC	22	17	6	4	7	31	36
CD FOZ	21	17	6	3	8	30	44
SD RIBADEO	19	17	5	4	8	23	39
CD SAN CIPRIÁN	15	17	4	3	10	32	44
SD BECERREÁ	15	17	5	0	12	24	57
SAGRADO	15	17	4	3	10	22	35

ÚLTIMA XORNADA

Sarriana - Sagrado	Becerreá - Villalbés B
Milagrosa - San Ciprián	Castro - Foz
Polvorín - Ribadeo	



6 MAIO

PUBLICACIÓN PREMIADOS

Equipo ideal Xuvenil provincial

Coas votacións e os recontos



Torneo F8

A ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL SAGRADO CORAZÓN organizou o primeiro campionato Autonómico de fútbol base de Semana Santa, ao que acudiron 36 equipos

Durante dous días, luns 15 e luns 22 de abril, os Campos Municipais José María Rodríguez Lago nas Gándaras foron escenario do I Torneo Autonómico de fútbol base de Semana Santa organizado polo Sagrado Corazón, que viviu dous intensos días de fútbol base nas categorías pre-benxamín, benxamín e alevín, campionato no que se disputaron un total de 69 partidos, con 36 equipos participantes e máis de 500 nenos/as que foron os grandes protagonistas.

Os vencedores do Torneo foron o Ural CF, Sagrado Corazón A e SD Porto de Burela que se fixeron co título de campións nas categorías pre-benxamín, benxamín e alevín, respectivamente.

Os primeiros en entrar en escena foron os máis pequenos coa competición prebenxamín que se desenvolveu ao longo do pasado luns 15 abril. 18 partidos disputáronse en fase de grupos, antes de chegar aos cruces de cuartos de final aos que se clasificaron o Calasanz da Coruña, que eliminou á Milagrosa por tres a cero, o Ural que se impuxo ao anfitrión, Sagrado Corazón, o Xuventude Oroso, que eliminou ao Lucense, e a Sarriana, que caeu ante o Piringalla. Xa en semifinais o Calasanz cedeu pola mínima ante o Ural e o Xuventude Oroso impúxose ao Piringalla por tres goles a cero.

Na gran final medíronse Ural e Xuventude Oroso sendo o título para os herculinos, que ademais foron o equipos que mellores sensacións deron ao longo de toda a xornada.

A seguinte rolda do I Torneo Autonómico de fútbol base Semana Santa transcorreu ao longo da xornada do luns 22 de abril, con partidos nos dous terreos de xogo dos campos José María Rodríguez Lago nas Gándaras.

Competición benxamíns

Na categoría benxamín disputáronse 13 partidos de grupos antes de chegar ás eliminatorias directas dos cuartos de final. Nelas o Sagrado Corazón A eliminou ao Sagrado Corazón B opoitando ao título final, mentres que o Lucense impúxose por dous goles a cero ao Piringalla, o Burela por nove a un á Milagrosa e o Becerreá por dous goles a cero á Sarriana.

En semifinais o Sagrado Corazón A plantouse na gran final tras impoñerse por tres goles a cero ao Lucense, mentres que o Burela ocupou o último posto na rolda final tras eliminar ao Becerreá por catro goles a un.

O Sagrado Corazón A foi o gran dominador do Torneo e da final, na que se impuxo ao Porto de Burela por dous goles a cero, terminando o campionato sen encaixar un só gol.

Competición alevín

Tamén ao longo da xornada do luns 22 de abril disputouse a competición alevín na que se xogaron 17 partidos nas fases iniciais de grupos das



Os finalistas da competición alevín e benxamín posando xuntos ao remate da competición o pasado luns 22



O Porto Burela A, campión na categoría alevín



O Sagrado Corazón campión na categoría benxamín



Os finalistas da competición prebenxamín: Ural, campión, e Xuventude Oroso, subcampión, ao remate da competición

que saliron os oito clasificados para cuartos de final. Franciscanos foi o primeiro semifinalista ao eliminar por dous goles a un á Piringalla. O Burela impúxose ao Lucense por catro a cero e a Sarriana cinco a cero ao Fonsagrada, mentres que a eliminatoria máis parella disputárona Luís Calvo Sanz e Corgo, con pase ás semifinais de Luís Calvo Sanz na quenda de penaltis.

O Porto de Burela A foi o primeiro finalista tras vencer por dous goles a cero a Franciscanos, mentres que a Sarriana tamén chegou á última rolda tras apañar da competición a Luís Calvo Sanz por un gol a cero. Na gran final o Porto de Burela A foi superior

e alzouse co título por tres goles a cero ante a Sarriana.

Ao finalizar as diferentes competicións entregáronse os trofeos e medallas aos equipos subcampións e campións, así como os premios a mellor porteiro e mellor xogador de cada categoría de mans de Pablo Rivera, Deputado da Área de Deportes da Deputación Provincial de Lugo, Manuel Otero, Xefe do Servizo Provincial de Deportes da Xunta de Galicia en Lugo, Jesús Zapico, Conselleiro Delegado de Quescrem, e Jesús Pereira, Presidente da ADC Sagrado Corazón.